

O CONCELLO DE MUROS ANUNCIA A CONVOCATORIA PARA CONTRATAR MEDIANTE A MODALIDADE DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS, A ORGANIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DO MERCADO MARIÑEIRO TRADICIONAL DAS XORNADAS DE CULTURA MARIÑEIRA “MUROS MIRA AO MAR” 2025

CONDICIÓNS:

O Mercado Mariñeiro Tradicional Muros Mira ao Mar 2025 celebrarase os días 4, 5 e 6 de xullo.

A empresa contratada terá que:

- Promocionar o mercado.
- Realizar a inscrición e selección de postos variados de venda e exhibición de produtos típicos dun mercado mariñeiro tradicional, buscando a estética e decoración acorde coa celebración, un mercado do século XX de ambiente mariñeiro (non se aceptan propostas de tipo medieval ou similares).
- Encargarse da dinamización e animación do mercado durante os 3 días (espectáculos, obradoiros, pasacalles...)
- Coordinar coa organización a xestión e distribución dos espazos e dos postos coas propostas de participación no mercado das entidades, clubs ou empresas do Concello de Muros.

Cun custo para o concello de **ata 6.000,00 €**, impostos incluídos.

Nas propostas valorarase:

- A oferta de actividades lúdicas, atractivas para o público, durante a celebración das xornadas de cultura mariñeira “Muros Mira ao Mar”.
- O número e tipo de postos de venda e exhibición do mercado, así como a tarifa que a empresa lle aplicará aos diferentes postos participantes.
- A ambientación e caracterización dos postos e persoas ao fronte.
- O compromiso de cumprir co programa proposto pola comisión organizadora das Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar” 2025, así como presentar a relación de postos previamente, que han de obter o visto e prace da comisión e atender todas indicacións dadas pola comisión organizadora.
- A oferta de actividades complementarias, tipo demostracións, obradoiros...

- A promoción previa do mercado.
- O control da ambientación e caracterización das propostas expositivas e organización e supervisión da montaxe/desmontaxe do mercado mariñeiro Muros Mira ao Mar 2025.
- Asegurar que toda a rotulación dos postos se faga no idioma galego (cartas/menú, anuncios, carta de prezos...)

As empresas interesadas en participar no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia dirixida á alcaldesa do Concello de Muros, xunto con:

- Memoria técnica, económica e de actividades.
- Unha declaración responsable indicando que non está incurso en causas ou prohibicións para contratar e estar ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.
- Ademais poderán presentar un proxecto complementario se o considera oportuno.
- O seguro de responsabilidade civil da empresa.

Prazo de presentación:

- **Do 25 de marzo ao 11 de abril**

Lugar de presentación:

- No rexistro de entrada do Concello de Muros ou na sede electrónica sede.muros.gal